



**ADDENDA ao Preacordo do 8 de xuño de 2007, sobre os catálogos dos postos de traballo dos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados e sobre a xornada de traballo dos funcionarios do corpo de mestres dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional).**

A evolución das necesidades educativas do alumnado escolarizado nos centros públicos de educación infantil, primaria e centros públicos integrados require unha adaptación progresiva das dotacións de persoal especializado co obxectivo de garantir unha resposta educativa inclusiva, equitativa e axustada aos principios da atención á diversidade establecidos na normativa vixente.

O incremento e a complexidade das necesidades educativas especiais (NEE), fan necesario reforzar os recursos humanos especializados nos centros docentes, co fin de asegurar unha intervención temperá, unha atención individualizada e unha mellora efectiva dos procesos de inclusión educativa.

Neste contexto, a presente addenda ten por finalidade actualizar determinados apartados do Preacordo do 8 de xuño de 2007 relativos aos catálogos de postos de traballo, adecuando as dotacións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe ás necesidades reais dos centros educativos. Esta modificación responde a criterios técnicos, organizativos e pedagóxicos orientados á mellora da calidade educativa e da atención ao alumnado.

En consecuencia, e co obxecto de garantir unha atención máis eficaz, inclusiva e especializada ao alumnado, acórdase a modificación dos seguintes apartados do texto do Preacordo do 8 de xuño de 2007 sobre os catálogos dos postos de traballo dos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados.

**Primeiro. Catálogo de centros de Educación Primaria**

Os centros de 12, 13, 14, 15, 16 e 17 unidades modifican a súa composición, pasando de contar con *"1 especialista en pedagogía terapéutica"* a contar con *"2 especialistas en pedagogía terapéutica"*.

**Segundo. Catálogo de centros de Educación Primaria**

Os centros de 18 ou máis unidades modifican a súa composición, pasando de contar con *"2 especialistas en pedagogía terapéutica"* a contar con *"3 especialistas en pedagogía terapéutica"*.



### **Terceiro. Catálogo de centros de Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados**

Onde di *"1 especialista en audición e linguaxe en centros de 13, 14, 15, 16 e 17 unidades, computando as de infantil e primaria conxuntamente"*, pasa a dicir:

*"1 especialista en audición e linguaxe en centros de 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17 unidades, computando as de infantil e primaria conxuntamente"*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2026.